



Teaching Guide

Identifying Data					2022/23
Subject (*)	Linguistics	Code	652G04004		
Study programme	Grao en Logopedia				
Descriptors					
Cycle	Period	Year	Type	Credits	
Graduate	1st four-month period	First	Basic training	6	
Language	SpanishGalicianPortuguese				
Teaching method	Face-to-face				
Prerequisites					
Department	Letras				
Coordinador	Alvarez Caccamo, Celso Maria	E-mail	celso.alvarez.caccamo@udc.es		
Lecturers	Alvarez Caccamo, Celso Maria Fernández Ferreiro, Manuel	E-mail	celso.alvarez.caccamo@udc.es manuel.fernandez.ferreiro@udc.es		
Web					
General description	Introdución ao estudo da linguaxe, das linguas e da comunicación a meio delas.				

Study programme competences

Code	Study programme competences
A3	Coñecer e integrar os fundamentos lingüísticos da Logopedia: Fonética e fonoloxía, morfosintaxe, semántica, pragmática, sociolingüística.
B1	Acceso, selección e xestión das fontes de información relevantes para a práctica profesional.
B2	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B4	Aprender a aprender.
B7	Capacidade de análise e síntese.
B8	Capacidade de observar e de escoitar de forma activa.
B21	Tomar decisións con autonomía e responsabilidade.
B22	Traballar de forma autónoma con iniciativa.
B23	Traballar de forma colaborativa.
B24	Traballar en equipo e, de ser o caso, de forma interdisciplinar.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.

Learning outcomes

Learning outcomes	Study programme competences		
Capacidade de análise e síntese.	A3	B7	
Coñecer e integrar os fundamentos lingüísticos da Logopedia: Fonética e fonoloxía, morfosintaxe, semántica, pragmática, sociolingüística.	A3	B1 B2 B4	
Traballar autonomamente.		B21 B22	
Capacidade de observar e de escoitar de forma activa.		B8	
Traballar de forma colaborativa e en equipa.		B23 B24	
Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.			C1

Contents

Topic	Sub-topic



1. A Lingüística e o seu obxecto.	<p>1.1. Alcance e obxectos da Lingüística.</p> <p>1.2. Disciplinas e subdisciplinas que inclue.</p> <p>1.3. A aplicación da Lingüística a ámbitos sociais.</p>
2. A linguaxe e a comunicación.	<p>2.1. A comunicación, a información e a súa interpretación.</p> <p>2.2. A orixe da linguaxe.</p> <p>2.3. Características da linguaxe humana. Comunicación animal e humana.</p> <p>2.4. Os canais da comunicación oral, visual e táctil. A escrita.</p>
3. Linguaxe, mente e cerebro.	<p>3.1. Relacións entre linguaxe e pensamento.</p> <p>3.2. Localización da facultade lingüística no cerebro.</p> <p>3.3. Trastornos da linguaxe.</p> <p>3.4. Adquisición dunha primeira e dunha segunda lingua.</p>
4. Os sons das linguas.	<p>4.1 A produción do son.</p> <p>4.2. Clases de sons: vogais e consoantes.</p> <p>4.3. A transcripción fonética.</p> <p>4.4. Fonema, fone e alofone. Os sistemas fonolóxicos.</p> <p>4.5. Os elementos suprasegmentais.</p> <p>4.6. A sílaba.</p>
5. Da palabra ao discurso.	<p>5.1. As unidades mínimas significativas: os morfemas.</p> <p>5.2. Morfemas, morfes e alomorfes. Tipos de morfemas.</p> <p>5.3. A palabra. Formación de palabras nas linguas.</p> <p>5.4. A morfoloxía das diversas linguas.</p> <p>5.5. Clases de palabras e categorías gramaticais.</p> <p>5.6. A oración: simple e composta.</p> <p>5.7. Os sintagmas (ou frases).</p> <p>5.8. As relacións sintácticas.</p>
6. O significado.	<p>6.1. Definición do significado: sentido e referencia.</p> <p>6.2. Fenómenos semánticos.</p> <p>6.3. Proposición. Predicado e argumentos.</p> <p>6.4. Significado literal e significado implícito.</p> <p>6.5. A cooperación na conversa.</p> <p>6.6. Actos de fala e os seus tipos.</p> <p>6.7. A cortesía como estratexia verbal.</p> <p>6.8. A deixis e os seus tipos.</p>
7. A diversidade lingüística.	<p>7.1. Introducción ás familias lingüísticas.</p> <p>7.2. Lingua padrón e variedades.</p> <p>7.3. Variación xeográfica: os dialectos.</p> <p>7.4. Variación social: sociolectos e rexistros.</p> <p>7.5. As comunidades lingüísticas.</p> <p>7.6. Contacto de linguas e bilingüismo.</p> <p>7.7. A planificación lingüística.</p>
8. Aplicacións da Linguística.	<p>8.1. Elaboración de dicionarios e gramáticas.</p> <p>8.2. O ensino das linguas.</p> <p>8.3. Tradución e interpretación.</p> <p>8.4. Lingüística computacional.</p> <p>8.5. Lingüística clínica.</p>

Planning

Methodologies / tests	Competencies	Ordinary class hours	Student?s personal work hours	Total hours
Mixed objective/subjective test	A3 B2 B7 C1	3	30	33



Guest lecture / keynote speech	A3 B4 B8	22	22	44
Workbook	A3 B1 B4 B22	0	33	33
Workshop	A3 B1 B2 B4 B7 B8 B21 B22 B23 B24 C1	18	18	36
Personalized attention		4	0	4

(*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Methodologies	
Methodologies	Description
Mixed objective/subjective test	Proba escrita final.
Guest lecture / keynote speech	Explicación dos conceptos fundamentais e clarificación das dúbidas principais.
Workbook	Lectura ? e, no seu caso, síntese e/ou comentario ? de material obrigatorio.
Workshop	Diversas metodoloxías e probas nas aulas (exposicións, debates, solución de problemas, prácticas guiadas, etc.) e tarefas eminentemente prácticas sobre un tema específico, con supervisión do profesorado e resolución de dúbidas específicas.

Personalized attention	
Methodologies	Description
Workbook Workshop	Farase un seguimento nas aulas interactivas das actividades realizadas. O profesorado estará dispoñíbel para tutorías nos horarios que se indicaren, e tamén previo acordo por correo electrónico, Teams ou telefone.

Assessment			
Methodologies	Competencies	Description	Qualification
Mixed objective/subjective test	A3 B2 B7 C1	Unha proba escrita final, cuxos contidos serán o temario, as lecturas e os outros materiais utilizados nas aulas.	40
Guest lecture / keynote speech	A3 B4 B8	Avaliaráse a asistencia e participación.	10
Workshop	A3 B1 B2 B4 B7 B8 B21 B22 B23 B24 C1	Avaliarase a asistencia e participación activa, e os resultados das diversas prácticas e actividades, que serán apresentadas e/ou desenvolvidas nas aulas interactivas.	50

Assessment comments



Observacións:

1. PRIMEIRA OPORTUNIDADE (EN XANEIRO):

1.1. O Obradoiro incluí a realización de 1 actividade avaliábel (en principio individual; poderá ofrecerse a opción a facela en parellas a discreción do profesorado), e unha serie de tarefas de seguimento das leituras e outros traballos prácticos durante o curso, tanto nas sesións de aulas como fora.

1.2. O alumnado repetidor que non asista ás aulas, e o alumnado que teña unha dispensa académica oficial, recibirá un 44,45% da súa cualificación pola realización da Proba mixta, e 55,55% polo apartado de Obradoiro, incluíndo tanto a Actividade avaliábel canto as outras tarefas do curso que non requiran asistencia.

1.3. O alumnado repetidor que non poda asistir ás aulas, ou que teña dispensa oficial, deberá comunicalo ao profesorado da materia durante as dúas primeiras semanas do curso. De non facelo así, poderá aplicárselle o mesmo reparto porcentual que ao resto do estudiantado (40% + 10% + 50%).

1.4. Para superar a materia na primeira oportunidade é preciso ter polo menos un 4 en cada un dos apartados, Proba mixta e Obradoiro.

1.5. Para superar a proba mixta (exame final) é necesario un certo equilibrio de notas entre os diversos temas e partes do programa. Nomeadamente, para aprobar deberá obterse polo menos un 3 en todas as preguntas menos unha. Sen ese equilibrio, a media aritmética, se igual ou superior a 5, non poderá ser considerada, e será substituída por un 4,9 (suspense) indicativo da necesidade de repetir a proba obxectiva inteiramente.

1.6. Para superar o apartado do Obradoiro no seu conxunto é necesario obter polo menos un 4,5 na Actividade.

1.7. En caso de non poder aprobar por non ter obtido polo menos un 4 en cada un dos apartados Proba obxectiva e Obradoiro, nas Actas figurará como nota ou ben a media aritmética ou 4,9 (suspense) se a media fose superior. Porén, esta nota de 4,9 é inamovíbel, e é só indicativa de que se debe repetir algún dos apartados (ou os dous).

1.8. O profesorado poderá flexibilizar en sentido positivo estes requirimentos de notas mínimas con carácter xeral (aplicábel a todo o alumnado) para favorecer unha avaliación máis global do desempeño.

2. SEGUNDA OPORTUNIDADE (EN XUÑO-XULLO):

2.1. Aplícanse os mesmos criterios de notas mínimas para cada apartado.

2.2. Repetirase a Proba mixta (exame final) no día oficial (ver datas definitivas na web da Facultade ou no taboleiro oficial). A Proba é indivisíbel; caso de ter que ser repetida, será inteiramente, e voltará a incluír todo o temario da primeira oportunidade.

2.3. Realizarase a Actividade suspensa (poderá ser diferente á realizada en xaneiro, aínda que cun formato semellante ou comparábel), e, no seu caso, as tarefas menores de seguimento do curso, a criterio dos profesores.

2.4. Para a oportunidade de xullo, manteráanse as notas dos apartados superados na primeira oportunidade. No caso das diversas actividades e tarefas, os profesores indicarán se se considera superado o apartado Obradoiro inteiro, ou se hai que repetir algunha actividade non satisfactoria (por exemplo, unha cunha nota de 3).

2.5. A asistencia, loxicamente, non se poderá recuperar na segunda oportunidade. Se o apartado da asistencia foi superado (máis do 50%, isto é, un 5), manterase a nota. Se non fose superado, axustaranse as porcentaxes para Proba mixta (44,45%) e Obradoiro (55,55%).

3. CONVOCATORIA ADIANTADA DE DECEMBRO.

Para a convocatoria adiantada de decembro rexerán os mesmos criterios que para a segunda oportunidade de xullo, excepto no correspondente aos apartados onde a asistencia é fundamental (Sesión maxistral), que non serán considerados. A distribución porcentual dos apartados será axustada da seguinte maneira: Obradoiro, 55,55%; Proba mixta, 44,45%.

4. CUALIFICACIÓN DE NON PRESENTADO.

Recibirán cualificación de Non Presentado (N.P.) só aquelas/es estudantes que: (a) non se presenten a ningunha das probas obxectivas (xaneiro e xullo) e que, ademais, (b) non entreguen a actividade avaliábel en ningunha das oportunidades. Isto é, a entrega da Actividade ou a asistencia á Proba obxectiva nalgunha das oportunidades implica necesariamente recibir unha nota final numérica.

5. AVALIACIÓN DAS ACTIVIDADES. A copia ou plaxio de material alleo para calquer das actividades avaliábeis ou das tarefas, sen elaboración propia, e por calquer medio, acarreta automaticamente unha nota de cero (0), sem posibilidade de repetición da actividade nesa oportunidade.

Durante o curso se poderán establecer procedementos adicionais específicos a cumprir canto á entrega, presentación e avaliación das actividades.

6. AVALIACIÓN DA PROBA MIXTA. A copia de respostas na proba a partir de materiais non autorizados, a partir das respostas doutro/a estudante, ou por meio de calquer outro procedemento ilexítimo, acarreta automaticamente unha nota de cero (0) en toda a proba, e a imposibilidade de continuar con ela nesa oportunidade.

7. As condutas irregulares e ilexítimas na realización das actividades, tarefas ou probas (plaxio, copia, falsificación, utilización de respostas ou solucións doutros anos, etc.), acarretan automaticamente a cualificación de Suspense (0) na oportunidade correspondente. Alén diso ?dado o

carácter patentemente inxusto de querer autofavorecerse ilicitamente e polo tanto de perxudicar as/os compañeiras/os? poden estar suxeitas a penalización disciplinar do/a estudante infractor/a por parte da Universidade, o cal pode incluír a expulsión da mesma.

8. A materia poderá ser adaptada ao estudiantado que precise da adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade (física, visual, auditiva, cognitiva, de aprendizaxe ou relacionada coa saúde mental). De ser o caso, deberán contactar cos servizos dispoñíbeis na UDC/no Centro nos prazos oficiais estipulados de maneira previa a cada cuatrimestre académico: na UDC, coa Unidade de Atención á Diversidade (<https://www.udc.es/es/cufie/ADI/apoioalumnado/>).



Sources of information

Basic	<ul style="list-style-type: none">- Casado Fresnillo, Celia, e Escandell Vidal, M^a Victoria (2011). "El lenguaje y las lenguas". En: M^a Victoria Escandell Vidal (coord.) e outros. Invitación a la lingüística, pp. 1-52. Madrid: Editorial Centro de Estudios Ramón Areces & UNED- Crystal, David (1994). "El lenguaje y otros sistemas de comunicación". En: Enciclopedia del lenguaje de la Universidad de Cambridge, pp. 396-403.. Madrid: Taurus- Escandell Vidal, M^a Victoria (2010). "La estructura de las palabras?". En: M^a Victoria Escandell Vidal (coord.) e outros. El lenguaje humano, pp. 137-169.. Madrid: Editorial Centro de Estudios Ramón Areces & UNED- Escandell Vidal, M^a Victoria, e Marrero Aguiar, Victoria (2011). "La Lingüística y sus fundamentos". En: Escandell Vidal, M^a Victoria (coord.) e outros. Invitación a la lingüística, pp. 53-85. Madrid: Editorial Centro de Estudios Ramón Areces & UNED- Fromkin, Victoria, e Rodman, Robert (1993). "Da boca dos bebés: aquisição da língua pela criança". Em: Introdução à Linguagem, pp. 351-373. Coimbra: Livraria Almedina- Gutiérrez Rodríguez, Edita (2010). "La Sintaxis?". En: M^a Victoria Escandell Vidal (coord.) e outros. El lenguaje humano, pp. 171-206.. Madrid: Editorial Centro de Estudios Ramón Areces & UNED- Mariño, Xurxo (2018). "E entón xurdiu a linguaxe". En: Unha mente que voa. Unha mirada á evolución da linguaxe, pp. 73-99. Vigo: Xerais- Marrero Aguiar, Victoria (2020). "Los sonidos en las lenguas". En: M^a Victoria Escandell Vidal (coord.) e outros. Invitación a la lingüística, pp. 83-119.. Madrid: Editorial Centro de Estudios Ramón Areces & UNED- Mateus, Maria Helena Mira, e Alina Villalva (2006). "Para que serve a Linguística?". En: O Essencial sobre Linguística, pp. 79-92.. Lisboa: Caminho- Simone, Raffaele (1993). "Propiedades fundamentales del lenguaje / "Abstracto" en lingüística". En: Fundamentos de Lingüística, pp. 18-22.. Barcelona: Ariel- Yule, George (2007). "Adquisición de la primera lengua". Em: El lenguaje, pp. 175-191.. Madrid. Akal- Yule, George (2007). "El desarrollo de la escritura". En: El lenguaje, pp. 29-37.. Madrid. Akal- Yule, George (2007). "El lenguaje y el cerebro". En: El lenguaje, pp. 161-174.. Madrid. Akal- Yule, George (2007). "La variación geográfica de las lenguas?". Em: El lenguaje, pp. 238-252.. Madrid. Akal- Yule, George (2007). "La variación social de las lenguas?". Em: El lenguaje, pp. 253- 266.. Madrid. Akal- Yule, George (2007). "Pragmática?". En: El lenguaje, pp. 132-145. Madrid. Akal- Yule, George (2007). "Semántica?". En: El lenguaje, pp. 118-131.. Madrid. Akal <p>As leituras obrigatorias serán tomadas maioritariamente da listaxe anterior, mais pode haber algunha non incluída aí.</p>
--------------	--



Complementary	<ul style="list-style-type: none"> - Bernárdez, Enrique (2000). ¿Qué son las lenguas? . Madrid: Alianza - Cardona, Giorgio Raimondo (1991). Diccionario de lingüística. Barcelona: Ariel - Comrie, Bernard, S. Matthews e M. Polinsky (eds.) (2001). O Atlas das Línguas: A Origem e a Evolução das Línguas no Mundo. Lisboa: Editorial Estampa - Crystal, David (1994). Enciclopedia del lenguaje de la Universidad de Cambridge. Madrid: Taurus - Escandell Vidal, M^a Victoria (2005). La comunicación. Madrid: Gredos - Escandell Vidal, M^a Victoria, et alii (2010). El lenguaje humano. Madrid: Editorial Centro de Estudios Ramón Areces / UNED - Escandell Vidal, M^a Victoria, et alii (2011). Invitación a la lingüística. Madrid: Editorial Centro de Estudios Ramón Areces / UNED - Escandell Vidal, M^a Victoria, et alii (2020). Claves del lenguaje humano. Madrid: Editorial Centro de Estudios Ramón Areces / UNED - Hurford, James R., e Brendan Heasley (1983). Curso de Semántica. Madrid: Visor - Mariño, Xurxo (2018). El misterio de la mente simbólica. Cerebro, lenguaje y evolución. Madrid. EL PAÍS - Martín Vide, Carlos (ed.) (1996). Elementos de Lingüística. Barcelona: Octaedro - Martínez Celdrán, Eugenio (1995). Bases para el estudio del lenguaje . Barcelona: Octaedro - Martínez Celdrán, Eugenio, et alii (1998). Lingüística. Teoría y aplicaciones. Barcelona: Masson - Moreno Cabrera, Juan Carlos (2002). Curso universitario de Lingüística General. Tomo I: Teoría de la gramática y sintaxis general. Madrid: Síntesis - Moreno-Torres Sánchez, Ignacio (2004). Lingüística para logopedas. Málaga: Ediciones Aljibe - Ramallo, Fernando, et alii (2000). Manual de Ciencias da Linguaxe. Vigo: Xerais - Yule, George (2007). El lenguaje. Madrid: Akal - Walter, Henriette (1996). A aventura das línguas do Ocidente. Lisboa: Terramar
----------------------	---

Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Subjects that continue the syllabus

Clinical Linguistics/652G04042

Sociolinguistics/652G04044

Other comments

(*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.